



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), A CORUÑA (UDC) E VIGO (UVIGO) PARA A REALIZACIÓN DA FASE DE PRÁCTICUM DO MÁSTER INTERUNIVERSITARIO EN INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EN DIDÁCTICAS ESPECÍFICAS PARA A EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARO:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten a vontade de asinar un convenio de colaboración coas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña, e Vigo, para a realización do Practicum do Máster universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria cunha vixencia de catro anos desde a súa sinatura.

Razóns de oportunidade

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante a Consellería) ten a vontade de fomentar e cooperar na formación inicial e permanente do profesorado naqueles aspectos de investigación e innovación relacionados coas didácticas específicas no contexto dos centros educativos.

As tres universidades asinantes deste convenio, dedicadas a actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico, teñen a vontade de potenciar a realización de actividades formativas, especialización e prácticas en centros educativos dependentes da Consellería, coa finalidade de contribuír a





unha mellor e máis completa formación e cualificación das súas persoas tituladas.

O Real decreto 592/2014, de 11 de xullo (BOE do 30 de xullo) regula as prácticas académicas externas das e dos estudantes universitarios.

As tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC/USC/UVIGO) imparten un Master Interuniversitario denominado 'Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria'(en diante, o Máster), autorizado por Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 13 de xuño de 2018, que se axusta integramente ao programa verificado pola ACSUG con data 17/04/2018 e que conta cunha fase de prácticum de 42 h a desenvolver en 3 semanas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e no poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras, asino dixitalmente esta memoria, na data da sinatura dixital.

